

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN “MIÑO-ULLA”

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1. Denominación

Constitúese a Asociación "Miño - Ulla" asociación carece de ánimo de lucro.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

Artigo 2. Régime legal

A asociación rexererase polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de régime interno que, de ser o caso, se aproba, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Domicilio

A asociación fixa o domicilio social no terceiro andar do Edificio Multiusos do Concello de Chantada, sito na Travesía Praza de Galicia da citada localidade, e unha oficina na Casa do Concello de Palas de Rei sita no número 28 da Avenida de Compostela.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín, Sarria e Taboada na provincia de Lugo, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5. Fins e actividades

1.- A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, as persoas con discapacidade, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endóxeno, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.



- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- i) Procurar artellar redes de comunicación no rural que podan levar internet e outros servizos, cando menos o 90% da xeografía abarcada.
- 2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:
- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
 - b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
 - c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
 - d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
 - e) Proxecciar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
 - f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
 - g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
 - h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
 - i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio, sobre todo os que poñan en valor os produtos do sector agroalimentario, principalmente aqueles que diversifiquen a actividad principal da comarca
 - j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
 - k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.
 - l) Promover proxectos que transcendan mais alá das fronteiras deste "GDR" ca finalidade de colaborar en proxectos puntuais con grupos llindeiros, sobre todo no tecido de redes de comunicación e internet no rural.
 - m) Promover e desenrolar proxectos relacionados con enerxías renovables que teñan aplicación directa no sector produtivo como pode ser a enerxía solar térmica, e outras similares.

TÍTULO IV. ASOCIADOS

Artigo 6. Composición

1.- A asociación "Miño - Ulla" estará integrada por un conxunto de interlocutores públicos e privados, con arraigo no territorio, de xeito equilibrado e representativo tanto desde o punto de vista sectorial como territorial. Entre os socios da Asociación deberá figurar, polo menos, a maioría dos concellos do territorio de actuación. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Poderán ser socios da Asociación, entre outros, as comunidades de montes veciñais en man común sempre que se pronuncie a favor a súa asemblea xeral, as asociacións e organizacións profesionais, as entidades sen ánimo de lucro e as organizacións profesionais agrarias con presenza no territorio de actuación. Rixerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- Para os efectos de adopción de acordos, os órganos decisórios só estarán validamente constituídos cando os representantes do sector privado supoñan como mínimo o 51% dos membros presentes ou representados. Nin as autoridades públicas ni ningún grupo de interese concreto representarán mais do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións. Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes nas votacións. Deberá garantirse que se evite calquera conflito de intereses.

Artigo 7. Adquisición da condición de asociado

1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente no que manifeste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa, titular e suplente, que a representará na asociación.



2.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

3.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

4.- O presidente trasladará a solicitude á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo a solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5.- Non adquieren a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa asociación.

6.- Non adquieren a condición de asociado os fundadores que non están legalmente constituídos a data da celebración da asemblea constitutiva da Asociación "Miño - Ulla".

Artigo 8. Perda da condición de asociado

A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumplimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el cabré recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.

Artigo 9. Dereitos dos asociados

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da asociación.
- f) Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

Artigo 10. Obrigas dos asociados

Son obrigas dos asociados:

- a) Satisfacer a cota de entrada e a de mantemento.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditsos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se crean.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimizade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.



TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da asociación

Os órganos colexiados da asociación son, como mínimo, a asemblea xeral, a xunta directiva e as mesas sectoriais.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos pola xunta directiva de entre os seus membros, por un período de catro anos e poden ser reelexidos ata un máximo de oito anos consecutivos.

Artigo 12. Asemblea xeral: composición e funcións

1.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados.

2.- A asemblea xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitud de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se crean.
- e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado de calquera deles.
- f) Decidir sobre cantas cuestiós afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola xunta directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- g) Constitución de federacións ou integración nelas.
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC.
- i) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- j) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- k) Disolución da asociación.
- l) Disposición ou alleamento de bens.

Artigo 13. Asemblea xeral: convocatorias

1.- A asemblea xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizará o presidente con quince días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A asemblea xeral reunirse con carácter extraordinario mediante convocatoria do presidente, por propia iniciativa, por acordo da xunta directiva ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 10%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un presidente e un secretario.

3.- As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes. En todos os casos deberá cumplirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 14. Asemblea xeral: adopción de acordos

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.



3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 15. Xunta directiva: composición

1.- A xunta directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

2.- A xunta directiva da asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola asemblea xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a asemblea xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará dun máximo de 21 membros. En todo caso, na xunta directiva estarán necesariamente representados, cando menos, os seguintes colectivos, sempre e cando sexan socios da asociación e desexen formar parte da citada xunta directiva: as asociacións de mulleres; as asociacións de mozos; as asociacións de acción social; as asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente; as asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias; as asociacións do sector cultural; e o sector público. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

3.- A metade dos membros renovarase cando transcorran dous anos dende a constitución da asociación e a partir de aí cada dous anos renovarase a metade dos que levan catro anos elixidos.

4.-Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción ou baixa na asociación da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da asemblea xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

5.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a asemblea xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

Artigo 16. Xunta Directiva: funcións

A xunta directiva é o órgano competente para:


- a) Executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na asemblea xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola asemblea xeral.
- k) Acordar as convocatorias das asembleas xerais extraordinarias.

Artigo 17. Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos

1.- A xunta directiva reunirase en calquera momento mediante convocatoria do presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora desde a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da xunta directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutrso membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente.



4.- No proceso de toma de decisiones, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por mayoría simple.

Artigo 18. Presidente

O presidente ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da asemblea xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquellas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscrever contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herbazas a beneficio de inventario, exercitar accións e oponer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadre de persoal da entidade.

Artigo 19. Vicepresidente

O vicepresidente, en ausencia do presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

Artigo 20. Secretario e vicesecretario

1.- Ao secretario correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do presidente.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do presidente,
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquellas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

2.- O vicesecretario, en ausencia do secretario, exercera todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

Artigo 21. Tesoureiro

Ao tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo presidente.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquellas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 22. Mesas sectoriais

1.- Os asociados integrados na asemblea xeral organizaranse en 21 mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:

- Asociacións de mulleres
- Asociacións mozos e mozas
- Asociacións de acción social
- Asociacións ecoloxistas, ambientais e comunidades de montes
- Cooperativas agrarias



Sindicatos agrarios
Asociacións de empresarios, comerciantes e artesáns
Asociacións deportivas, culturais e turísticas
Asociacións de veciños e outras
Mesa do viño
Mesa do queixo
Concello de Antas de Ulla
Concello de Carballedo
Concello de Chantada
Concello de Monterroso
Concello de Palas de Rei
Concello de Paradela
Concello de O Páramo
Concello de Portomarín
Concello de Sarria
Concello de Taboada

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir, para elevar propostas á asemblea xeral.

3.- A asemblea xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na xunta directiva. Os representantes das mesas na xunta directiva serán elixidos pola asemblea xeral por proposta de cada mesa.

TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 23. Régimen económico e patrimonial

1.- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achechas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e heranzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola legislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

Establecese unha única cota de 10 € para todos os socios, agás os Concellos que será de 300 €.

TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 24. Disolución

1.- A asociación establecese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,

- a) por sentenza xudicial,
- b) por acordo tomado en asemblea xeral convocada ao efecto,
- c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos más elementais,
- d) por ter realizado o fin para o que se constitúiu
- e) polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederáse á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na asemblea xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da xunta directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.



TÍTULO VIII. PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLITOS DE INTERESES

Artigo 25. Conflito de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión

No marco de programas ou proxectos que xestione a asociación:

1.- Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección e avaliación dun proxecto e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

2.- Se un membro da xunta directiva da asociación ou do persoal contratado pola mesma, ten algúns tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

3.- Se un membro da xunta directiva ou do persoal da asociación se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.

4.- Cando exista dúbida sobre o interese común entre algúns membros da xunta directiva ou do persoal, a asociación deberá remitir o asunto á entidade encargada da xestión do programa ou axuda, para que esta adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Diposición Adicional

En tanto non se desenvolva a estrutura participativa das mesas sectoriais que aparece prevista nos estatutos, a xunta directiva elixida na asemblea constituínte terá a maior representatividade posible, tanto territorial como sectorialmente, e terá carácter provisorio, co cometido de poñer en marcha a asociación e os seus órganos.



VISADO

Quedan visados os presentes estatutos da ASOCIACION MIÑO-ULLA , correspondéndolle o número 2008/00012451-1 da sección primeira do Rexistrio Provincial de Asociacións desta Xefatura Territorial, consonte co establecido na Lei orgánica 1/2002 do 22 de Marzo.

Lugo, 14 de Abril 2016

O Xefe Territorial

José Manuel Rozas Bello

